




O BISPO DE LUGO

XORNADA
DA
VIDA CONSAGRADA 2021

*A VIDA CONSAGRADA
PARÁBOLA DE FRATERNIDADE NUN MUNDO FERIDO
XXV XORNADA MUNDIAL*


Neste XXVº ano da súa institución por San Xoán Paulo II, celebramos en toda a Igrexa esta *Xornada mundial* cun lema que nos fala da vida consagrada como parábola. Isto significa presentárnola como unha narración, como un relato que, partindo de realidades recoñecibles por nós, tenta facer chegar á nosa conciencia unha verdade que ilumina de modo novo a realidade e a nosa situación persoal.

En efecto, no medio do noso mundo –do que se destacan no lema non o progreso, senón o clamor das súas feridas–, a vida consagrada é como unha historia viva que nos fala da superación do mal, do horizonte dunha existencia boa realizable xa agora, dunha plenitude de fraternidade que abarca a todos –*irmáns todos*–, na que hai curación para as divisións e os sufrimentos xerados pola soberbia e o egoísmo do corazón, polo pecado que no fondo é sempre desprezo do ser humano, da súa dignidade e a súa capacidade de amar, reducíndoo a instrumento para a propia inxustiza.

A vida consagrada é parábola –narra, suxire, estimula– coa realización da súa propia existencia, mostrando como a fe en Deus Pai e no Señor Xesucristo fai posible xa nesta terra a realización dunha “fraternidade” sinxela e humilde, pero verdadeira, máis aló do que sería esperable por quen coñece o limitado das boas intencións e das forzas humanas, por quen é ben consciente da vulnerabilidade de alma e corpo, de non ter resposta ante a gran ferida da morte.

Coa súa presenza, as persoas consagradas convidan a recuperar a esperanza, a abrirse á fe: é posible unha vida diferente, é posible alegrarse definitivamente pola propia dignidade de fillo –e por tanto de irmán– inmensamente amado por Deus, e pola propia misión no mundo; é posible reconecer radicalmente a dignidade do próximo, xa non reducible a alguén instrumentalizado ou descartado, segundo conveña ás lóxicas utilitaristas que parecen gobernar este mundo ferido, senón sempre irmán.

Para toda persoa neste mundo, para o que soporta inxustizas e para o pecador, ante a ferida da dor e da morte, a vida consagrada é boa noticia, anuncio dunha existencia nova e verdadeira, destinada a non perderse; é como unha palabra que fai entrever o consolo e trae nova luz a mente e corazón. Vivindo a pobreza, a castidade e a obediencia, na comunión concreta das súas casas e comunidades, fala do amor que renova o mundo e crea unha fraternidade real mesmo entre nós que somos pecadores; dun amor que está presente e ofrécese a todos porque vén de Deus, tomou carne para sempre na nosa terra no Señor Xesús, e habita nos corazóns dos seus como promesa de plenitude e de vida.



A vida consagrada asegúranos que existe o Bo Samaritano, que coida as feridas do mundo e de cada un, e fálanos Del, é para nós como unha palabra súa viva e eficaz. Coa súa consagración –coa acción de grazas do seu corazón, co seu canto de encomio, coa súa petición confiada, en resposta ao amor de Cristo– e coa unidade fraterna, vivida e ofrecida aos irmáns nas obras de amor suxeridas polo seu carisma fundacional, cada persoa consagrada e cada comunidade é unha parábola, que nos axuda a entender que o Salvador está entre nós: “para evanxelizarse aos pobres, ... poñer en liberdade aos oprimidos, proclamar o ano de graza do Señor” (Lc

4,18-19). E que nos fai comprender que o máis pobre, o máis pequeno, o descartado aos ollos dos homes –e cada un de nós– ten esperanza real, é amado e querido, e está chamado a vivir co seu próximo nunha común dignidade de irmáns.

Todos necesitamos entender esta parábola, escoitar cada día a invitación para recoñecer a caridade coa que Cristo nos uniu a El como irmáns, introducíndonos a vivir unha fraternidade consoladora e verdadeira, que xa agora é “xerme moi seguro de unidade, de esperanza e de salvación para todo o xénero humano” (LG 9).

Demos grazas a Deus polo don da vida consagrada, particularmente polas comunidades presentes na nosa Diocese de Lugo. Acompañémolas e deixémonos acompañar por elas no camiño da vida, na realización da nosa misión, unidos como membros da única Igrexa de Deus. E pidamos ao Pai para elas o don do Espírito, que alente e ilumine os seus corazóns, para que teñan a alegría de ser fieis ao seu Señor e á súa misión, segundo os seus propios carismas, para ben do mundo, ao que Cristo nos enviou a todos, provéndonos para as súas feridas co aceite da fe e o viño da caridade.

Lugo, 28 de xaneiro de 2021

+Alfonso, Bispo de Lugo



DIOCESE

DE LUGO